

Resultados esperados

Polas características do Grupo Operativo, os integrantes e os seus obxectivos, esperase que os resultados previstos sexan obter unha análise concisa das debilidades, ameazas, fortalezas e debilidades do sistema de produción de vacún de carne baseado nos pastos de montaña, así como dos condicionantes principais para a súa viabilidade económica social e medioambiental tanto a nivel dos Ancares como de outros territorios con características similares.

Asociación Profesional Gandeiros De Lugo
Rúa Castelao nº59 , Lugo
CP 27003, (Lugo)
☎ 981.245.220
✉ gandeirosdelugo@gmail.com

RECUPERACIÓN DE PASTOS ALTOS NA SERRA DOS ANCARES PARA A PRODUCCIÓN VALORIZADA DE RAZAS AUTÓTONAS DE VACÚN



Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a creación e funcionamento de grupos operativos de innovación da Asociación Europea de Innovación en materia de produtividade e sostibilidade agrícola, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e se convocan para o ano 2016

Obxectivos xerais

Impacto medioambiental : incremento nos niveis de biodiversidade, calidade do paisaxe e barreiras contara a propagación de lumes.

Impacto económico: promoción e valorización das producións de gando vacún de carne, desenvolver novas técnicas que faciliten o uso dos pastos e o control dos rabaños, así como a diminución de custes na produción.

Impacto social: Impulsar a incorporación de xóvenes e novos produtores na actividade gandeira ao tempo que se potencia a imaxe do territorio, promocionando así de maneira conxunta o turismo, xerando oportunidades que eviten a emigración e promovan o establecemento de novos habitantes.

Necesidades detectadas

Cada ano a Serra dos Ancares vese ameazada polos lumes, a perda de solo de biodiversidade e de paisaxe. A vulnerabilidade ambiental dos Ancares tamén se suma a paulatina desaparición das prácticas produtivas que durante milenios mantiveron o equilibrio de estes ecosistemas formados por home e natureza.

Tradicionalmente no pastos de montaña da Serra dos Ancares practicábase o pastoreo con razas autóctonas de vacún, esta práctica xoga un papel fundamental na xestión dos pastos, asegurando o mantemento dos pastos permanentes ao tempo que e controlaba a expansión do mato e actuando como áreas corta lumes en caso de incendio.

Este sistema de xestión está en claro declive na Serra dos Ancares debido a múltiples factores.

Factores sociais: despoboamento e/ou envellecemento.

Factores económicos: falta de valorización social e económica deste tipo de producións e a desaparición de explotacións.

Dende a Asociación Profesional Gandeiros de Lugo nace a iniciativa de crear un Grupo Operativo que teña como fin de recuperar e mellorar os pastos altos da Serra dos Ancares, así como recuperar as técnicas tradicionais de pastoreo promovendo o seu uso polos gandeiros da zona.

Un grupo operativo é unha agrupación constituída como principal vehículo, orientado á identificación de problemas concretos ou oportunidades, a partir dos que se xeran iniciativas innovadoras que dean resposta e solucións a estas dificultades ou oportunidades detectadas.

Obxectivos específicos

- Identificar e describir os principais sistemas agrícolas que utilizan os pastos permanentes.
- Identificar prácticas para mellorar a eficiencia e produtividade en sistemas de produción de carne extensivos.
- Identificar prácticas de manexo de pasto, que melloren a saúde animal, benestar e produtividade.
- Identificar boas prácticas na xestión do pasto que permitan o desenvolvemento de produtos premium e funcionais.
- Identificar as características clave que se relacionan coa xestión dos pastos coa pegada de carbono e a biodiversidade.